

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

6837 *Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.*

O artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e o artigo 3 da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, establecen a existencia dun depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, respectivamente.

O Real decreto 873/1977, do 22 de abril, sobre depósito dos estatutos das organizacións constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, reguladora do dereito de asociación sindical, regulaba ata agora o procedemento establecido para o efecto, que quedou obsoleto ante a realidade da administración electrónica, sen prexuízo de que subsistan as razóns que o fundamentan canto ás necesidades de dotar de personalidade xurídica as organizacións sindicais e empresariais, así como de darlles publicidade.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, anticipou a necesidade de inserir plenamente estes novos instrumentos na actividade administrativa, instando desde o seu artigo 45 a promover a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas no desenvolvemento da súa actividade e no exercicio das súas competencias.

Posteriormente, un dos obxectivos da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, foi a creación o 1 de xaneiro de 2010 da «e-Administración», que estableceu o dereito dos cidadáns a realizar por medios electrónicos as mesmas xestións que se poden levar a cabo de forma presencial.

Con este real decreto procédese, por conseguinte, a desenvolver o establecido no artigo 4 da Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical, e no artigo 3 da Lei 19/1977, sobre regulación do dereito de asociación sindical, e a regular os depósitos dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais, ao mesmo tempo que se efectúa a súa adaptación á administración electrónica.

Os depósitos dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais que se regulan nesta norma non son rexistros electrónicos no sentido legal dese termo, senón que constitúen depósitos específicos de estatutos con funcionamento mediante medios electrónicos.

Debe pórse de manifesto que a citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, prevé con carácter básico que as administracións públicas poidan establecer a obrigatoriedade de que as comunicacións se fagan por medios electrónicos, así como o contido mínimo das comunicacións e das notificacións electrónicas. Deste xeito, os promotores e os representantes das organizacións sindicais e empresariais deberán solicitar o depósito da constitución destas organizacións e demais actos depositables por medios electrónicos, co cal se logra unha maior axilidade e eficacia da actuación administrativa.

Este real decreto ten como fundamento a efectiva realización dos dereitos recoñecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, ao implantar a administración electrónica na totalidade do procedemento administrativo de depósito dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais.

Malia o anterior, tamén cómpre ter en conta que impor a obriga de utilización de medios electrónicos pode nalgún caso impedir o acceso ao rexistro dalgún sindicato ou asociación empresarial, ou dos seus promotores, que carezan de medios electrónicos. Tendo en conta que precisamente o acceso ao depósito é a forma que teñen os sindicatos e as asociacións empresariais de adquirir personalidade xurídica, prevese con carácter excepcional que aqueles sindicatos e asociacións empresariais que carezan de medios electrónicos poidan acceder ao rexistro a través do soporte papel, asumindo as oficinas públicas a carga da súa incorporación ao depósito por medios electrónicos.

As medidas contidas no real decreto estrutúranse en catro capítulos:

O capítulo I delimita o obxecto da norma e define todos aqueles acordos ou actos inscribibles susceptibles de seren depositados electronicamente, así como os efectos do depósito, que non son outros que os de dotar as organizacións sindicais e empresariais de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.

O capítulo II do real decreto regula as solicitudes de depósito dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais e demais actos inscribibles, e determina así mesmo a documentación que se debe presentar xunto coa solicitude.

O capítulo III regula o procedemento administrativo de depósito, establece claramente o momento de adquisición da personalidade xurídica dos sindicatos e das organizacións empresariais, regula os medios de acceso ao depósito e prevé a existencia dun anexo estatístico co fin de dispor de información sobre as características das organizacións sindicais e empresariais.

O capítulo IV crea o depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais de ámbito estatal ou supraautonómico con funcionamento a través de medios electrónicos e prevé a creación por parte das comunidades autónomas de depósitos de ámbito territorial no ámbito das súas competencias. Créase unha base de datos central de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, cuxa xestión corresponde ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, que estará integrada pola información remitida polas oficinas públicas de depósito de estatutos.

Finalmente, e en consonancia coa regulación das adhesións e desvinculacións das organizacións sindicais de federacións e confederacións de ámbito superior, a disposición derradeira primeira incorpora un novo número 5 ao artigo 12 do Regulamento de eleccións a órganos de representación na empresa, que establece como se deben contabilizar os resultados electorais nestes supostos.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

De conformidade coa Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e coa Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, este real decreto ten por obxecto regular o depósito dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais, integradas por empresarios con traballadores ao seu cargo, así como dos demais actos incluídos no seu ámbito de aplicación, xestionado por medios electrónicos.

Queda excluído do ámbito de aplicación do presente real decreto o depósito dos estatutos das asociacións profesionais de traballadores autónomos, que se rexerá pola súa lexislación específica.

Artigo 2. *Depósito dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais.*

1. As organizacións sindicais ou empresariais reguladas neste real decreto deberán presentar os seus estatutos na oficina pública competente en razón do seu ámbito territorial de actuación, para os efectos de adquiriren personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.

2. Serán obxecto de depósito, de acordo co procedemento que se establece neste real decreto, os estatutos das organizacións sindicais e das asociacións empresariais e os demais documentos que acrediten a realización dos seguintes actos:

- a) A constitución de sindicatos e de asociacións empresariais.
- b) A constitución de federacións e confederacións de sindicatos e de asociacións empresariais.
- c) As modificacións estatutarias.

Artigo 3. *Depósito doutra documentación.*

1. Así mesmo, serán obxecto de depósito os documentos que acrediten a realización dos seguintes actos:

- a) A afiliación de organizacións sindicais e empresariais a outras de ámbito superior, tanto de carácter funcional como territorial, así como a súa desvinculación delas.
- b) A fusión e a integración de organizacións sindicais e empresariais.
- c) A suspensión e disolución das organizacións sindicais e empresariais.

2. Ademais, as organizacións sindicais e empresariais poderán depositar os acordos de designación e renovación dos cargos que exercen a súa representación legal.

CAPÍTULO II

Solicitud de depósito

Artigo 4. *Presentación da solicitude de depósito.*

1. A solicitude de depósito deberase presentar por medios electrónicos ante a oficina pública competente, a través do enderezo electrónico que para tal efecto se estableza, utilizando os formularios previstos especificamente para iso.

Excepcionalmente, os sindicatos e as asociacións empresariais que acrediten carecer de medios electrónicos poderán seguir realizando os trámites recollidos nos artigos 5 ao 10, presentando a documentación nos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando o ámbito territorial de actuación da organización sindical ou empresarial sexa estatal ou supraautonómico, a oficina pública competente será a Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. No caso de que o dito ámbito non supere o territorio dunha comunidade autónoma, a oficina pública competente será a prevista segundo a normativa de cada comunidade.

2. Serán suxeitos lexitimados para solicitar o depósito, no caso da constitución de sindicatos e asociacións empresariais, os seus promotores ou a persoa designada por estes e, no resto dos supostos, a persoa designada polos órganos de goberno das organizacións sindicais ou empresariais.

3. As solicitudes de depósito deberán conter en todo caso:

- a) A identificación do solicitante, o teléfono de contacto e o enderezo de correo electrónico.
- b) A acreditación da delegación para presentar a solicitude, no caso de ser presentada por persoa distinta dos promotores ou representantes dos órganos de goberno, mediante algún dos mecanismos previstos no artigo 18.
- c) A denominación da organización, incluídas as súas siglas ou o seu acrónimo, de ser o caso, que non poderá coincidir nin inducir á confusión con outra legalmente inscrita.
- d) O domicilio da sede social da organización.
- e) O ámbito territorial e funcional de actuación.
- f) O número de identificación fiscal. No caso de non dispor del no momento da solicitude, unha vez obtido ese número, comunicarse para a súa constancia.

g) Naqueles casos en que a documentación se presente conforme o establecido no segundo parágrafo do número 1 deste artigo, deberase presentar, ademais, unha declaración responsable asinada polos suxeitos previstos no número 2 deste artigo, na cal se poña de manifesto a carencia de medios electrónicos e a súa imposibilidade de obtelos.

4. Coa presentación da solicitude, os suxeitos previstos no número 2 deste artigo poderán prestar o seu consentimento e autorizar a oficina pública competente para que obteña de forma directa a través de certificados electrónicos a acreditación da identidade dos promotores ou dos representantes dos órganos de goberno das organizacións sindicais ou empresariais, así como, no suposto de constitución de sindicatos, do cumprimento da condición de traballadores nos termos previstos no artigo 1.2 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, ou, no caso de constitución de asociacións empresariais, da condición de empresarios con traballadores ao seu cargo que manteñan con eles unha relación de prestación de servizos remunerados.

Cando algún ou algúns dos promotores ou representantes dos órganos de dirección das organizacións sindicais e empresariais non preste o seu consentimento á comprobación dos datos por parte da oficina pública competente, deberá presentar a dita documentación.

5. Xunto coa solicitude de depósito deberase xuntar, tamén por medios electrónicos, a documentación específica prevista nos artigos 5 ao 11 en función de cada un dos actos obxecto de depósito, salvo no caso previsto no segundo parágrafo do número 1 deste artigo.

Artigo 5. *Constitución de sindicatos e asociacións empresariais.*

1. Para a constitución dun sindicato ou dunha asociación empresarial será necesario un número mínimo de tres promotores.

2. Xunto coa solicitude de depósito deberase xuntar a seguinte documentación:

a) A acta fundacional, que deberá conter:

1.º O nome e os apelidos dos promotores do sindicato ou da asociación empresarial, domicilio e número de identificación fiscal. No caso de persoas xurídicas, deberá constar o nome ou a razón social xunto cos datos identificativos dos seus representantes.

2.º A denominación do sindicato ou da asociación empresarial, incluídas as súas siglas ou o seu acrónimo, de ser o caso, que deberá coincidir coa que figura no texto dos estatutos.

3.º O lugar e a data de levantamento da acta, que deberá estar asinada ben dixitalmente ou ben en todas as súas páxinas polos promotores, ou polos representantes en caso de persoas xurídicas.

4.º A designación dos membros dos órganos provisionais de goberno que representan a organización.

b) Os estatutos aprobados, que deberán estar asinados ben dixitalmente ou ben en todas as súas páxinas polos promotores, ou polos representantes en caso de persoas xurídicas, deberán conter polo menos:

1.º A denominación do sindicato ou da asociación empresarial, incluídas as súas siglas ou o seu acrónimo, de ser o caso, que non poderá coincidir nin inducir á confusión con outra legalmente rexistrada.

2.º O domicilio e ámbito territorial e funcional de actuación do sindicato ou da asociación empresarial.

3.º Os órganos de representación, goberno e administración e as súas normas de funcionamento, así como o réxime de provisión electiva dos seus cargos, que se deberá axustar a principios democráticos.

4.º Os requisitos e procedementos para a adquisición e perda da condición de afiliado.

5.º O réxime de modificación dos estatutos, de fusión e de disolución do sindicato ou da asociación empresarial, así como, neste último caso, o destino do patrimonio da asociación que non desvirtúe o carácter non lucrativo das organizacións sindicais e empresariais.

6.º O réxime económico do sindicato ou da asociación empresarial que estableza o carácter, a procedencia e o destino dos seus recursos, así como os medios que permitan aos afiliados coñecer a súa situación económica.

7.º A inclusión entre os fins dos propiamente laborais que os identifican, tanto os dos sindicatos como os das asociacións empresariais. Son medios típicos de acción, entre outros, a negociación colectiva laboral, a formulación de conflitos colectivos de traballo, o diálogo social e a participación institucional nos organismos das administracións públicas.

8.º No caso das asociacións empresariais, o sistema de constancia dos asociados na súa garantía.

Os estatutos poderán conter, así mesmo, calquera outra disposición e condición lícita que os promotores consideren conveniente, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores do sindicato ou da asociación empresarial.

c) No caso de asociacións empresariais, cando os seus promotores sexan representantes dunha persoa xurídica deberán acreditar tal representación conforme o previsto nas alíneas b) e c) do artigo 18.

d) O documento en que se recolla o consentimento dos suxeitos previstos no número 2 do artigo 4, nos termos establecidos no número 4 do mesmo artigo. En caso de non prestar o consentimento, deberán presentar a documentación acreditativa que figura no citado número.

Artigo 6. *Constitución de federacións e confederacións.*

1. Só poderán constituír federacións e confederacións as organizacións promotoras cuxos estatutos estean depositados no correspondente depósito de estatutos de organizacións sindicais ou empresariais.

2. Xunto coa solicitude de depósito deberase xuntar a seguinte documentación:

a) A acta fundacional, que deberá conter:

1.º A denominación e os números de depósito e de identificación fiscal de cada unha das organizacións promotoras, así como o nome, os apelidos e o número de identificación fiscal dos seus representantes e o cargo que posúen na organización.

2.º O lugar e a data de levantamento da acta, que deberá estar asinada ben dixitalmente ou ben en todas as súas páxinas polos representantes de cada unha das organizacións promotoras.

3.º A denominación da nova federación ou confederación, incluídas as súas siglas ou o seu acrónimo, se é o caso, que deberá coincidir coa que figura no texto dos estatutos.

4.º A designación dos membros dos órganos provisionais de goberno que representan a nova federación ou confederación.

b) Certificación dos acordos de constitución da federación ou confederación de cada unha das organizacións promotoras, expedida polas persoas ou cargos con facultade para outorgala de conformidade cos seus estatutos.

c) Os estatutos da nova federación ou confederación cos requisitos previstos no artigo 5.2.b).

Artigo 7. *Modificacións estatutarias.*

1. Serán obxecto de depósito todas as modificacións dos estatutos de sindicatos, asociacións empresariais e federacións ou confederacións constituídas por uns ou outras.

2. Xunto coa solicitude deberán presentarse os seguintes documentos:

a) A acta da reunión da asemblea xeral ou do órgano competente para a modificación estatutaria de acordo cos estatutos da organización, ou certificación desta expedida pola persoa ou cargos con facultade para outorgala de conformidade cos estatutos, que recolla o acordo adoptado polo que se modifican os estatutos e a relación de artigos modificados.

b) Texto íntegro dos novos estatutos que conteñan os artigos modificados, asinados ben dixitalmente ou ben en todas as súas páxinas polos representantes da organización, nos cales se faga constar, mediante a oportuna dilixencia expedida ao final do documento, que quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral ou, de ser o caso, de conformidade co procedemento establecido nos seus estatutos, así como, en ambos os casos, a data en que se adoptou a modificación.

3. A modificación estatutaria que comporte a modificación do ámbito territorial da organización dará lugar ao traslado do expediente ao depósito competente e á súa baixa unha vez comunicada a súa inclusión no novo depósito.

4. Cando a modificación estatutaria comporte a desaparición dos fins laborais e non se solicite o traslado ao rexistro ou depósito competente, a oficina pública formulará un requirimento nos termos previstos no artigo 13.2. Se unha vez contestado o requirimento persistir a discrepancia, a oficina pública procederá ao depósito e á publicación dos estatutos e á súa impugnación ante a autoridade xudicial competente. No caso de que o requirimento non sexa contestado, ditarase resolución que rexeite o depósito e acorde a remisión do expediente ao rexistro ou depósito correspondente.

Artigo 8. *Afiliación ou desvinculación de organizacións sindicais e empresariais doutras de ámbito superior.*

1. Serán obxecto de depósito as decisións das organizacións sindicais e empresariais de afiliación a federacións ou confederacións de ámbito superior, tanto de carácter funcional como territorial, así como a súa desvinculación delas.

2. Xunto coa solicitude deberanse presentar, ante a oficina pública competente de cada organización sindical ou empresarial, os seguintes documentos:

a) Por cada unha das organizacións que se afilien ou desvinculen da federación ou confederación, a acta ou a certificación do acordo adoptado para o efecto, emitida polas persoas ou cargos con facultade para outorgala de conformidade cos seus estatutos.

b) En caso de afiliación, acta ou certificación do acordo de aceptación emitida polo órgano competente da federación ou confederación.

c) En caso de desvinculación, comunicación fidedigna á organización de que se desvincula.

Artigo 9. *Fusión e integración de organizacións sindicais e empresariais.*

1. Só serán obxecto de depósito as fusiones e integracións entre organizacións promotoras que teñan os seus estatutos depositados no correspondente depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais.

2. Xunto coa solicitude deberanse presentar os seguintes documentos:

a) No caso de fusión, por cada unha das organizacións que se fusionen, a acta ou certificación do acordo adoptado expedida polas persoas ou cargos con facultade para outorgala de conformidade cos seus estatutos, co mesmo contido que se expresa no artigo 6.2.a), na cal, ademais, quede expresamente reflectida a perda da personalidade xurídica das organizacións e a denominación da nova organización resultante.

Os estatutos da nova organización conforme o establecido no artigo 5.2.b).

b) No caso de integración, a acta ou certificación do acordo da organización que se integra na cal quede expresamente reflectida a perda da súa personalidade xurídica e a acta ou certificación do acordo de aceptación da organización na cal se vai integrar, expedidas polas persoas ou cargos con facultade para outorgalas.

Artigo 10. *Suspensión e disolución das organizacións sindicais e empresariais.*

1. As organizacións sindicais ou empresariais só poderán ser suspendidas nas súas actividades por resolución firme da autoridade xudicial competente.

2. As organizacións disolveranse polas causas previstas nos seus estatutos e, en todo caso, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral convocada para o efecto, así como polas causas determinadas nas leis e por sentenza xudicial firme.

3. En caso de disolución da organización por sentenza xudicial firme, unha vez recibida esta, a oficina pública competente, de oficio, dará de baixa a organización do depósito correspondente.

Neste caso, co fin de que a oficina pública competente proceda a dar de baixa a organización disolta, o órgano xudicial remitirá copia da sentenza firme á oficina pública de depósito de estatutos en que estean depositados estes.

4. En caso de que a disolución non derive dunha sentenza xudicial firme, os suxeitos lexitimados a que se refire o artigo 4.2 deberán presentar ante a oficina pública competente a solicitude de baixa do depósito co contido previsto no artigo 4.3.

Xunto coa solicitude deberase presentar ante a oficina pública competente a seguinte documentación:

a) O cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representación, asinado por estes, ou as razóns da ausencia de sinatura.

b) Os datos identificativos de todas as persoas encargadas, de ser o caso, da liquidación, coas súas respectivas sinaturas.

c) A comunicación do destino que se vai dar ao patrimonio de acordo co establecido nos seus estatutos, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da organización.

d) Se a disolución tivo lugar por algunha das causas previstas nos estatutos, a referencia aos artigos en que se recollan as ditas causas e o documento acreditativo da data en que se produciu aquela.

e) Se a disolución é consecuencia da vontade dos asociados expresada en asemblea xeral convocada para o efecto, a acta da reunión da asemblea xeral ou a certificación desta expedida polas persoas ou cargos con facultade para outorgala, na cal conste a data de adopción do acordo, o quórum de asistencia e o resultado da votación.

Artigo 11. Designación e renovación dos cargos que exercen a representación legal das organizacións sindicais e empresariais.

1. Poderanse depositar os acordos de designación e renovación dos cargos que exercen a representación legal das organizacións sindicais e empresariais.

2. Xunto coa solicitude deberase presentar a acta ou certificación do acordo adoptado, segundo a forma de elección determinada nos seus estatutos, expedida polas persoas ou cargos con facultade para outorgala, na cal deberán constar, ademais da data en que se adoptase:

a) Os nomes, os apelidos, o número de identificación fiscal e o cargo que exercen dentro da organización.

b) A data do nomeamento e, de ser o caso, da ratificación e aceptación por parte dos titulares.

CAPÍTULO III

Disposicións xerais sobre a tramitación do procedemento de depósito

Artigo 12. Cómputo de prazos.

A aplicación informática que dea soporte ao depósito estatal de estatutos de organizacións sindicais e empresariais permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano, durante as vinte e catro horas, e para tal efecto amosará a data e hora oficiais do momento da súa presentación.

Para efectos do cómputo de prazos, a presentación dunha solicitude nun día inhábil entenderase efectuada na primeira hora do día hábil seguinte, mesmo cando no asento conste a data e a hora en que efectivamente se recibise o documento.

O calendario de días inhábiles para estes efectos será o que se determine cada ano de acordo co disposto no artigo 48.7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Tramitación do procedemento.*

1. Unha vez recibida a solicitude de depósito dalgún dos actos previstos nos artigos 2 e 3, a oficina pública competente examinará e verificará se cumpre os requisitos establecidos na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, ou na Lei 19/1977, do 1 de abril, segundo se trate dunha organización sindical ou empresarial, respectivamente, así como neste real decreto.

Cando se refira a actos previstos nas alíneas a) e b) do artigo 2, asignaráselle un código de depósito conforme o establecido no anexo I.

2. Cando se advirtan defectos na solicitude ou na documentación que se xunta, ou cando a denominación coincida con outra inscrita ou poida inducir a erro ou confusión con ela, requirirase o solicitante por unha única vez para que nun prazo de dez días emende a deficiencia ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se rexeitará o depósito mediante resolución exclusivamente fundada na carencia dalgún dos requisitos mínimos previstos neste real decreto.

3. De se cumpriren todos os requisitos que se establecen nas citadas leis e no presente real decreto, a oficina pública competente ditará resolución que acorde o seu depósito e a súa publicidade, na cal constará a data de depósito e o número de depósito asignado, nos seguintes prazos contados desde o día en que se presente a solicitude ou se emenden ou resolvan os defectos advertidos no número anterior:

- a) Dez días no caso das organizacións sindicais.
- b) Vinte días no caso das organizacións empresariais.

As notificacións emitidas a través da aplicación que desenvolve o Ministerio de Emprego e Seguridade Social realizaranse mediante comparecencia electrónica na sede, tal como regula o artigo 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Simultaneamente á resolución, a oficina pública competente dará publicidade desta ordenando a súa publicación no boletín oficial correspondente, coa excepción das relativas aos acordos previstos no artigo 11, e indicará polo menos a denominación, o ámbito territorial e funcional e a identificación dos promotores e asinantes da acta de constitución.

Artigo 14. *Adquisición da personalidade xurídica.*

As organizacións sindicais e empresariais adquirirán personalidade xurídica e plena capacidade de obrar transcorridos vinte días hábiles desde o depósito dos seus estatutos por parte dos promotores, salvo no suposto previsto no artigo 13.2., en que a organización sindical ou empresarial adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar transcorridos vinte días hábiles desde que se presente a documentación que acredite a emenda dos defectos sinalados no requirimento da oficina pública.

Artigo 15. *Réxime dos recursos.*

As resolucións ditadas polas oficinas públicas competentes poderán ser impugnadas directamente ante os órganos xurisdiccionais da orde social, de acordo co previsto no artigo 167 e seguintes da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Artigo 16. *Sistemas de acceso electrónico admitidos polos depósitos de estatutos de organizacións sindicais e empresariais.*

A persoa que presente a solicitude a través de medios electrónicos deberá remitila xunto coa documentación referida nos artigos 4 ao 11 a través dunha das seguintes vías:

a) Co seu certificado electrónico conforme o establecido na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, e no artigo 13 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

b) A través do sistema Cl@ve establecido pola Orde PRE/1838/2014, do 8 de outubro, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros, do 19 de setembro de 2014, polo que se aproba Cl@ve, a plataforma común do sector público administrativo estatal para a identificación, autenticación e sinatura electrónica mediante o uso de claves concertadas.

Artigo 17. *Documentos orixinais en soporte informático.*

Os documentos en soporte informático realizados pola oficina pública competente teñen a consideración de documentos orixinais e están debidamente rexistrados nos programas e nas aplicacións do procedemento en formato electrónico.

Os documentos electrónicos que os interesados engadan á solicitude débense remitir en formato PDF.

Artigo 18. *Representación legal.*

Para acreditar a representación por vía electrónica pódese utilizar un dos seguintes mecanismos:

a) O certificado de sinatura electrónica de persoa xurídica en que o solicitante figure como representante.

b) O outorgamento de poder ou de representación suficiente e posterior comprobación pola oficina pública competente, a través de calquera medio aceptado polo ordenamento xurídico. Esta oficina poderá requirir en calquera momento a acreditación da dita representación.

c) A inscrición no Rexistro Electrónico de Poderes.

Artigo 19. *Datos estatísticos.*

Os solicitantes do depósito deberán cubrir os datos estatísticos recollidos nos modelos oficiais que figuran no anexo II deste real decreto.

CAPÍTULO IV

Depósitos de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos e base de datos central

Artigo 20. *Depósitos de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos.*

1. Créase o depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais de ámbito estatal ou supraautonómico, con funcionamento a través de medios electrónicos, adscrito á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social como oficina pública competente no dito ámbito.

Corresponde a este depósito, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, o depósito dos actos previstos nos artigos 2 e 3, de ámbito estatal ou supraautonómico.

2. En cada unha das áreas funcionais de traballo e inmigración de Ceuta e Melilla existirá un depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais no ámbito destas cidades con funcionamento a través de medios electrónicos.

3. As comunidades autónomas crearán e regularán depósitos de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos no ámbito das súas competencias.

Artigo 21. *Natureza xurídica.*

Os depósitos regulados neste real decreto son depósitos administrativos de carácter público e funcionamento electrónico e non teñen a natureza de rexistro electrónico a que se refire a Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Artigo 22. *Base de datos central de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.*

Créase a base de datos central de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, cuxa xestión corresponde á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e que estará integrada pola información remitida polas oficinas públicas de depósito de estatutos.

Para estes efectos, as oficinas públicas, competentes en razón do seu ámbito territorial de actuación, deberán remitir por medios electrónicos á base de datos central no prazo de dez días todo asento electrónico efectuado nos seus respectivos depósitos, así como os enlaces aos boletíns oficiais en que figuren as resolucións de depósito dos actos obxecto de depósito.

Cando o procedemento non se realizar por medios electrónicos, no prazo de quince días as oficinas públicas de depósito de estatutos deberán incorporar ao seu correspondente depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais, con funcionamento a través de medios electrónicos, os datos identificativos das organizacións sindicais e empresariais e os documentos que acrediten a realización do acto obxecto dese depósito.

Artigo 23. *Acceso aos actos depositados.*

Os actos obxecto de depósito, unha vez que o ordene a oficina pública competente, son de acceso público coas garantías previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Calquera persoa estará facultada para solicitar certificación dos actos obxecto de depósito, que deberá ser expedida pola oficina pública competente, respectando en todo caso o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

O texto dos estatutos das organizacións sindicais e empresariais é de acceso público e poderá ser examinado por calquera persoa. A oficina pública competente deberá facilitar a quen así o solicite copia auténtica destes.

A oficina pública de estatutos só expedirá as certificacións dos cargos previstos no artigo 11, cando lle fosen previamente comunicados, a quen acredite ser representante legal da organización que solicita a certificación dos seus cargos.

Disposición adicional primeira. *Soporte informático da base de datos central de estatutos das organizacións sindicais e empresariais.*

A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, desenvolverá unha aplicación informática que dará cobertura a unha base de datos central de estatutos das organizacións sindicais e empresariais e que estará en funcionamento no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

Esta aplicación informática constituirá, ademais, o soporte informático do depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais de ámbito estatal ou supraautonómico, con funcionamento a través de medios electrónicos, adscrito á Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social como oficina pública competente.

O desenvolvemento da citada aplicación informática será atendido coas dispoñibilidades orzamentarias ordinarias e non poderá supor un incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Mediante convenio de colaboración, as comunidades autónomas poderanse adherir á aplicación informática constituída no Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Lingua de presentación da documentación.*

Os documentos obxecto de depósito deberanse presentar en castelán. As comunidades autónomas con lingua cooficial propia rexeranse pola súa propia normativa, conforme establece o artigo 36 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Conservación de datos de depósitos actuais.*

As administracións laborais competentes que creen depósitos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos adoptarán as medidas pertinentes para garantir a conservación dos datos que consten nos depósitos actualmente existentes.

Disposición adicional cuarta. *Incorporación dos datos aos depósitos de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto, as oficinas públicas de depósito de estatutos deberán incorporar ao seu correspondente depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos os datos identificativos das organizacións sindicais e empresariais cuxos estatutos constan no seu poder, así como a referencia das actuacións realizadas ata a data e o último texto depositado.

Se no dito proceso se detectar o depósito dos estatutos de organizacións non comprendidas no artigo 1 ou que non cumpren os requisitos previstos no artigo 5.2 b) 7.º, a oficina pública competente solicitará a súa adaptación conforme o previsto no artigo 7.4.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en tramitación.*

As solicitudes de depósito presentadas con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto tramitaranse conforme o establecido no Real decreto 873/1977, do 22 de abril, sobre depósito dos estatutos das organizacións constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical.

Así mesmo, se na data de entrada en vigor deste real decreto non se encontran habilitados os mecanismos que permiten a tramitación do procedemento por medios electrónicos de todos ou dalgún dos actos obxecto de depósito, estes poderán seguir realizándose polos medios en que se viñan efectuando na data de entrada en vigor deste real decreto ata que o procedemento electrónico permita a súa realización.

Disposición transitoria segunda. *Actuacións previas ao primeiro acto obxecto de depósito por medios electrónicos.*

As organizacións sindicais e empresariais xa existentes na data de entrada en vigor deste real decreto, que soliciten o depósito de calquera acto obxecto de depósito, deberán, con carácter previo a este, comunicar se a organización está afiliada ou non a outra organización de ámbito superior, e indicar, se é o caso, a denominación exacta e as súas siglas ou o seu acrónimo.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación á base de datos central.*

Para os efectos de cumprir co previsto no artigo 22, as comunidades autónomas que non se adhiran á aplicación informática desenvolvida polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social deberán dispor dunha aplicación informática compatible coa que cree este ministerio no prazo dun ano desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogado expresamente o Real decreto 873/1977, do 22 de abril, sobre depósito dos estatutos das organizacións constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa, aprobado polo Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro.*

O Regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa, aprobado polo Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, queda modificado como segue:

Incorpórase un novo número 5 ao artigo 12, coa seguinte redacción:

«5. Cando unha organización sindical se afilie a outra de ámbito superior, vincularanse todos os resultados electorais anteriores aos da federación ou confederación a que se afiliase. Igualmente, cando unha organización sindical se desvincule doutra de ámbito superior, deixarán de computarse nesta última os resultados electorais correspondentes á organización que se separa».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA

ANEXO I

Normas para a adxudicación do código de depósito

O código de depósito estará formado por 8 díxitos coa seguinte configuración:
Díxitos 1.º e 2.º: comúns para cada oficina pública, conforme a táboa de códigos de oficinas públicas que se xunta.

Díxito 3.º: «0» para as organizacións anteriores á entrada en vigor do depósito de estatutos de organizacións sindicais e empresariais con funcionamento a través de medios electrónicos e «1» para as posteriores a este.

Díxitos 4.º ao 8.º: número secuencial que indica a orde de solicitude da organización.

ANEXO II

Datos estatísticos

Ámbito funcional da organización.

1. Sindicato de empresa.
 - 1.1 Só unha empresa ou grupo empresarial.
 - 1.2 Sector ou sectores de actividade económica.
2. Asociación empresarial.
3. Federación sindical.
4. Federación empresarial.
5. Confederación sindical.
6. Confederación empresarial.

Sectores económicos de actuación.

Deberanse expresar todos os sectores de actividade económica do seu ámbito de actuación a catro díxitos da CNAE 09.